

## PRERREXURDIMENTO

Na historia da Literatura Galega chamamos “Rexurdimento” a un período que abrangue boa parte do século XIX e que se caracteriza por dous fenómenos intimamente relacionados:

**A recuperación da escrita literaria** do galego, dentro dun movemento máis amplo que visaba a súa dignificación como lingua e a recuperación e ampliación social dos seus usos.

**A aparición dun movemento político-ideolóxico** (que adoptará sucesivamente os nomes de Provincialismo, Rexionalismo e Nacionalismo) reivindicador da personalidade colectiva galega e defensor tanto dos seus trazos caracterizadores como dos dereitos que da condición de pobo diferenciado se derivaban.

É común distinguir na etapa do Rexurdimento tres fases ou períodos principais dos que nos interesa neste tema especialmente o primeiro e deixaremos os outros dous para o seguinte tema.

**Período Precursor: 1833-1862.** Engloba a actividade e a obra de autores (Pastor Díaz, Alberto Camino, Francisco Añón, Xoán Manuel Pintos...) que participaron ou simpatizaron en maior ou menor medida co movemento provincialista e que usaron o galego con anterioridade á aparición do libro auroral da literatura galega moderna, *Cantares Gallegos* (1863), de Rosalía de Castro.

Despois da tímida eclosión da escrita en galego vivida durante a ocupación napoleónica e no posterior contexto das loitas entre absolutistas e liberais, o noso idioma enmudece novamente cando sobe ao trono a raíña Isabel II, en 1837. Desde esa data, só algúns autores logran romper illadamente ese silencio, acudindo case sempre ás páxinas de publicacións de corte provincialista como *El Recreo Compostelano*, *El Porvenir* ou *La Aurora de Galicia*.

A publicación máis emblemática desta etapa é, non obstante, o denominado ***Álbum de la Caridad*** (1862), volume que recolleu os textos presentados aos Xogos Florais da Coruña de 1861. Ademais das composicións premiadas (como “A Galicia”, de Añón), o *Álbum* incluíu textos na nosa lingua duns corenta autores distintos, entre os que figuran xa Rosalía e Pondal, de maneira que constitúe a primeira “antoloxía” do Rexurdimento.

Os autores que cultivan o galego antes da aparición dos *Cantares gallegos* de Rosalía, preludiando o Rexurdimento pleno, reciben o nome xenérico de

“Precursores”. Os máis relevantes son:

**Antonio Benito Fandiño** É autor de *A casamenteira*, escrita en prisión en 1812 mais publicada en 1849. Trátase dunha pequena obra de teatro que trata o tema dos casamentos amañados ou por interese, para denunciar e desenmascarar o papel das “casamen-teiras”, por mentirosas e manipuladoras.

**Nicomedes Pastor Díaz** é autor do poema de temática amorosa “A alborada”, escrito en 1828 .No ano 1951 descubriuse outro poema seu, que leva por título “Égloga. Belmiro e Benigno”.

**Alberto Camino** e poemas románticos e elexíacos “Nai chorosa” e “O desconsolo”. Tamén escribiu poemas costumistas e de circunstancias.

**Francisco Añón Paz** . Participou na revolución galega de 1846 (inspirada polo Provincialismo) e, a consecuencia da represión do levantamento, exiliouse en Portugal. Viaxou durante anos por Europa ao servizo dun lord inglés e resultou galardoado nos “Xogos Florais” coruñeses de 1861 polo poema “A Galicia”. A súa obra, basicamente costumista e social.

**Xoán Manuel Pintos** (Pontevedra, 1811-Vigo, 1876), membro da xudicatura, é autor de *A gaita gallega* (1853). Esta obra, dividida en sete “foliadas”, en prosa e verso, con fragmentos en castelán, galego e latín, foi concibida como un método de aprendizaxe e exaltación do galego (“para ir dependendo a ler, escribir e falar ben a lingua gallega, e aínda máis”, indica no título). Dous personaxes, o gaiteiro galego e o tamborileiro foráneo, van dialogando e reflexionando sobre as características gramaticais do galego, a súa fonética, o desprezo que existe cara a el na sociedade etc. A obra inclúe listaxes de palabras para distinguir o timbre das vogais, equivalencias castelás de palabras galegas, etimoloxías latinas do noso léxico etc., mais tamén poemas sobre temas comoción, as fames espantosas da época, o marisqueo, a historia da cidade de Pontevedra, o autoodio que padecen moitos galegos, a importancia do Padre Sarmiento etc. Pintos tamén deixou feito un *Vocabulario Gallego-Castellano* con máis de sete mil palabras.

Outros “Precursores” que cabe tamén mencionar son o ferrolán **Benito Vicceto**; o compostelán **Vicente Turnes** e os irmáns **Antonio** e **Francisco M<sup>a</sup> de la Iglesia**